**ACTA DA SESION ORDDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 16 DE OUTUBRO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezaseis de Outubro de mil novecentos noventa e cinco; ás seis da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 9 de Outubro.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-**

Visto o escrito de Don Francisco Javier Rodríguez López, veciño do Carballiño, con domicilio na rúa Alberto Vilanova, nº 1, no que interesa información urbanística aplicable a un solar sito na rúa Rodríguez de Valcárcel, hoxe Ribeiro, nº 16, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di o seguinte: "Solo calificado segundo as NN.SS. como residencial cerrada.- Ordenanza de aplicación 4.1. R.C..- Residencial cerrada.- Cabe destacar: Aliñacións e rasantes, as do planeamento.- Aliñación frontal: A referencia será a partir do

bordo actual que será inalterable.- O ancho da beirarrúa será tomando coma cotas as existentes nos puntos extremos das

edificacións sinaladas cos números 14 e 20, e mantendo estas cotas a coincidir no eixe do espacio libre de edificacións entre os edificios sinalados.- Condicións de parcelación: Solar mínimo 60 m/2; fronte mínimo, 6 metros.- Condicións de edificación: Fondo máximo en planta baixa e plantas baixo rasante, 30 metros; fondo máximo de edificación en alturas, 20 metros; altura de cornisa, 20 metros; o resto de espacio clasificado como SNU/EP, non é edificable. E de aplicación a normativa concurrente".

Visto o escrito de Don Francisco Javier Rodríguez López, veciño do Carballiño, con domicilio na rúa Alberto Vilanova, nº 1, no que interesa informe urbanístico aplicable a un solar sito na rúa López Ramón, 9, desta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "No lugar de referencia está construída unha planta baixa.- Calificación urbanística.- Concurrencia de ordenanzas en tanto non se resolva o PERI correspondente.- Area delimitada por trazos correspondendo a ZP/CHA zona de protección do Conxunto Histórico Artístico.- Ordenanzas 4.0 C.A. Casco Antigo, 4.8 C.U. Conxunto urbano con conservación; o fondo máximo cara calquera altura será de 15 metros.- RC7 referencia ás alturas, fixando unha altura máxima de cornisa de 9 metros (eixe solar).- Correspóndese coa área delimitada polo polígono de percepción. Remitirase o expediente por parte do Concello á Comisión de Patrimonio".

Visto o escrito de Don José González Martínez, veciño de Francelos, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso doméstico no devandito domicilio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servicio; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Santiago Vidal Míguez, veciño da Cañiza, con domicilio na rúa Vila Nova, nº 9, baixo, no que prega se lle conceda licencia municipal para adscribir ó servicio de transporte público sanitario (ambulancia), o vehículo Volkwagen-Transporter, matrícula PO-0743-AT; e vista a documentación técnica que se acha no expediente, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado. O interesado fará aboamento neste Concello da cantidade de 6.800

pesetas, importe da taxa pola concesión da licencia, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto.

## 4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento do comsumo público de Ribadavia e de Sam Paio.

Da Farmaceutiva titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público de San Paio e de Ribadavia.

## 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Vistos os informes realizados polo Servicio Social de Base, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda concede-las subvencións que de seguido se detallan para adquisición de material escolar a: Don José Carlos González Barreiro, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Extramuros, por importe de 15.000 pesetas; Dona Milagros Gabarri Montoya, veciña de San Paio, con domicilio nas vivendas sociais do devandito lugar, por importe de 25.000 pesetas; Dona Carmen Montoya Montoya, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Rodríguez de la Fuente, 27, por importe de 20.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á certificación nº 1 da Urbanización da rúa entre a Avda. Redondela e Celso Emilio Ferreiro presentada por Extraco S.A. e, por importe de 5.190.920 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento á empresa Unión Eléctrica Fenosa, de 2.221.676 pesetas, en concepto de aboamento factuación alumeado público e edificios a cargo da Corporación correspondente ó mes de Agosto de 1995.-

## 6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se fixeron.

E sendo as seis e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.